



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Padrón do Servizo de Axuda no Fogar (dependencia e libre concorrencia) do mes de decembro de 2024

ANUNCIO

Mediante Decreto de Alcaldía nº 73/2025 do 13 de febreiro de 2025 aprobáronse os padróns/matrículas de:

- Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no fogar de Libre Concorrencia
- Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no fogar Dependencia

Ámbolos dous correspondentes ao de decembro de 2024, con expresión dos datos identificadores dos suxeitos pasivos, feito imponible e cota tributaria; os que se expoñen ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este prazo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas (segundo o recollido no artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) na Tesourería Municipal, aos efectos de presentar reclamacións, no seu caso.

Contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas naqueles, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso de Reposición, perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contando desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de xeito expreso.

- Recurso Contencioso-Administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose.

Non obstante, poderase interpor calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

En Pontedeume, asinado dixitalmente, polo Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro o día 17 de febreiro de 2025.

2025/1543